

O SEGREDO DO CARPINTEIRO

<<LIGNUM FINXIT>>

Aquelas palabras foron, nun lugar cheo de peculiaridades, o que máis me chamou a atención. Non foi polo feito de estar gravadas cunha intensidade enorme sobre a madeira, nin por poder velas perfectamente de noite, nin polo estraño tipo de letra co que estaban escritas que semellaba a dun libro de texto, senón porque non as comprendía, estaban nunha lingua descoñecida para min.

Obviando o meu abraio pola inscrición, dirixinme á entrada coa intención de avisar da miña recente chegada ao dono do lugar, erguín a miña man e premín o botón do timbre, que resultou soar cunha agradable melodía. Mentres esperaba a que me deran paso para entrar, observei o verde xardín a través do enreixado de metal que o rodeaba e protexía. Tiña a herba curta e limpa, mais abundaban unhas figuras de madeira, que resultaron ser extremadamente realistas para o meu gusto polo que, despois de que un arrepió recorrera o meu corpo, encollínme no pescozo do meu abrigo.

—É vostede o señor Fraga?

Sobresalteime ao escoitar unha voz aguda que, como despois puiden comprobar, proviña dun neno loiro, baixiño e moi ben vestido. Este estaba detrás do portal mirando cara min cos ollos entrepechados e unha mirada sobria agardando a miña resposta.

—S-sí, son Bieito Fraga— aclarei a gorxa á vez que o rapaz abría o portal-. Estou aquí a petición do señor Acosta —botoume unha ollada con retranca para despois invitarme a entrar cun aceno da man.

Seguín ao meniño percorrendo o xardín cheo de figuras de madeira ata chegar ao interior da casa, grande, espacioso e cun ambiente antigo. Pasamos por diversos corredores, vendo retratos dos antepasados do señor Acosta acompañados por longas alfombras repletas de decoracións e lámpadas de araña, que axudaban a impresión de labirinto que ofrecía o lugar. Despois do que semellou toda unha vida, o rapaz parouse diante dunha porta branca ao final do andadeiro cunha man na pechadura.

—O señor Acosta está a esperar a súa entrevista neste cuarto— anunciou con voz solemne mentres me deixaba acceder.

A primeira impresión que levei do lugar ao entrar nel quedou opacada pola presenza do que supoñía que era o señor Acosta. O home, co cabelo castaño e un ollar cálido, ergueuse da cadeira situada detrás dunha mesa de traballo e alzou a man, ofrecéndoma.

—Benvido, señor Fraga— saudou efusivamente, mentres apertaba a miña man—. Non teña medo, veña, sente nesta cadeira— continuou ao se decatarse do meu sentimento

de incomodidade, mentres volvía a sentar—. Teño moitísimo que contar, señor Fraga, por iso está vostede aquí e non calquera outro: porque me informaron de que vostede sabe escoitar mellor ca ninguén.

—Grazas pola invitación. Alédame que teña moito que contar, é unha ocasión especial cando o dono dunha empresa tan existosa decide falar e relatar a súa historia.

Cando me percatei de que o señor Acosta tiña a intención de comezar a entrevista, collín o meu caderno de anotacións, púxenlo nos xeonllos, coloquei as miñas lentes de ver e dei por iniciada a conversa. Tiña nos meus apuntamentos unhas preguntas clave que toda a cidade levava preguntando dende a chegada do señor Acosta ao lugar.

—O mellor é comezar polas cuestións máis sinxelas, non lle parece?— esperei ata que el asentiu cos ollos brillantes—. Ben, todos sabemos o momento da súa chegada á nosa querida cidade, mais descoñecemos os motivos do seu traslado. Por que veu aquí?

—Mira Bieito, podo chamarlle así? Pois ben, Bieito, a miña decisión de vir a esta cidade non foi premeditada: son unha persoa errante, non podo concibir a vida sen...— parou uns intreiros, xogando cun dos moitos anacos de madeira que tiña na mesa— sen cambio, sen modificacións.

—Dacordo —comentei mentres escribía a súa resposta—. Nótase que lle gustan os cambios repentinos, dende a chegada da súa empresa de carpintería, todas as locais pecharon en menos de dous meses por falta de clientes. A que cre vostede que se debe este fenómeno?

Advertín a presenza do neno loiro nun recuncho da habitación, observando a escena coma unha estatua de decoración, sen movemento algún. Semellaba maior baixo a luz branca daquela lámpada.

—Crin que sería máis listo, Bieito— comentou, facendo un aceno de frustración coas mans—. As vellas carpinterías do pobo non están modernizadas, non ofrecen ao público o que precisa—comezou a enumerar os seus argumentos coa man—, nin ofrecen garantía, nin traballos exclusivos e o máis importante, non realizan encargos personalizados.

Advertindo o inicio de anoxo do señor Acosta, decidín deixar as miñas preguntas persoais para o final e continuar cas preguntas que me recomendara facer o meu periódico. Polo que tal como predixera, a entrevista seguiu de xeito normal, con explicacións dos beneficios da empresa, enumeración dos servizos máis famosos entre os clientes, etc. Durante todo este tempo, só tiña na miña cabeza unha cousa: cando sería un bo momento para preguntarlle o que todo a vila devecía por saber, o que faría que da miña entrevista a máis famosa do municipio.

—...e así é como a madeira de árbore estreita é empregada para facer cuncos— rematou de relatar o señor Acosta ao se decatarse de que o periodista non estaba a prestar atención— Bieito, quere vostede facer algunha aportación? Hai algo que lle preocupe?

—Si, agora que o di, hai algo que me gustaría expor—díxenlle mentres comezaba a abrir todas as probas e documentos que recopilara días antes para a entrevista. Logo dun intre, sinaleille a colección de noticias de diversos periódicos que esparcira pola mesa—. Cando vostede pediu unha entrevista ao meu periódico, que me foi asignada, comecei a investigar a súa estraña chegada. Despois dun tempo de búsqueda pola rede, decateime de sucesos similares noutras vilas preto de aquí: unha nova empresa de carpintería chega ao lugar, comeza a gañar clientes de forma prodixiosa—achégolle unha noticia co dedo mostreiro—, todo o comercio local que se adicaba á carpintería pecha e, finalmente, esa misteriosa empresa que tanto éxito lograra, desaparece sen previo aviso.

Tras a miña exposición, un horrible silencio reinou na habitación mentres esperaba que o señor Acosta aproveitara a súa quenda de palabra. Contrariamente, este non pronunciou palabra, tan só mirou as probas que eu lle achegara e, despois de que unha das follas caera ao chan polo vento que entraba a través da xanela, fixo un aceno coma se estivese a espertar dun longo soño.

—Non sei que ten que ver isto do que fala comigo, señor Fraga- musitou con ton ameazante que, xunto co uso do meu apelido de xeito formal, fixo saír a afouteza que me caracterizaba.

—É curioso, non si? Todo semella tan evidente...Mais vostede afirma que non sabe nada, cousa que dubido. Como é que trazou un plan perfecto? O que pasa, señor Acosta, é que todo podería ser doado de explicar, ata que investigas profundamente—explico á vez que premo as miñas mans nun puño pola tensión—. As súas instalacións, polo exterior son normais pero, grazas a un empregado lareta, sei que no interior non ten a maquinaria nin a tecnoloxía necesaria para facer eses marabillosos encargos. O único material que transportou ata as súas instalacións nos dous meses que leva aquí é madeira. Así que...

—Non continúe por aí, señor Fraga.

—...cal é o seu segredo? por que mente? quen é?—preguntei mentres me erguía da cadeira pola emoción do momento.

—Quen cre vostede que é para preguntarme tan insolentemente?!— gritou o señor Acosta no mesmo intre no que dun golpe botou a cadeira cara atrás, os seus ollos parecían arder coma unha cacharela e os papeis esparcidos pola mesa voaron do seu sitio. Sen decatarme, os dous estabamos erguidos e nunha posición defensiva polo cal, coidando as miña palabras, tratei de dirixirme a el para que perdoara o meu comportamento.

—Señor, perd...—comecei.

De súpeto, o señor saíu do cuarto cun andar firme e sen mirar cara atrás, o meniño que estivera nun recuncho do cuarto foi tras del, deixándome só naquel lugar. Ao decatarme do alterado que estaba o señor Acosta, decidín ir tras el por precaución, xa que non pretendía perder a exclusiva por unha lea. A paso acelerado, cheguei ata a porta do cuarto, tomei o pomo dourado e entrei á seguinte habitación. O panorama que alí atopei non era o

que esperaba, o señor Acosta axeonllado para poñerse ao mesmo nivel ca o meniño e falando desesperadamente.

—Síntoo, pensei que sería o lugar definitivo, rapaz—díxolle o señor Acosta ao neno antes de advertir a miña presenza—. Non sabe o que significa chamar á porta? Debería encollerse de vergoña!—murmurou entre dentes.

No mesmo instante no que esa palabras saíron da súa boca, todos os mobles de madeira da habitación dobráronse a un mesmo compás, bailando a canción da orde do seu dono, quen perdeu a cor da face. Toda a madeira quedou, tal e como dixera o señor Acosta, encollida de forma tan enrevesada que semellaba imposible. Parecía un cadro moderno, cheo de obxectos normais distorsionados. Eu sentín que estaba fóra de lugar naquela habitación: o señor Acosta estaba tratando de recuperar a compostura, o meniño ollaba cara min esperando a miña reacción e eu atopábame quedo con miles de preguntas agalopándose no meu interior.

—Xa está, descubriuno—afirmou o rapaz, suspirando pesadamente—. Sabiamos que algún día pasaría, é hora de que llo contes. Faino por min—rematou falando de tal maneira que calquera afirmaría que tiña cen anos.

—Ten que xurar pola súa vida que isto que lle vou contar non sairá de aquí—agardou uns momentos ata que eu asentín con confianza, para logo sentarse na cadeira máis próxima—. O que acaba de ver, é algo corrente para min. Xa sabe vostede que na vida todos temos un propósito ou unha habilidade, algo que nos encanta facer, mais non sempre é aproveitado. Hai xente que, por non ter esperanza, nunca chega a descubrir ese potencial, hai outra con máis sorte á que todo o mundo valora e aprecia polas súas calidades e logo hai outro grupo, ao que eu pertenzo, que ten habilidades extraordinarias das que ninguén sospeita. Habilidades que mantén en segredo por medo, aproveitándoas ao máximo e enriquecéndose por elas.

>>Eu nacín coa calidade de mandar sobre a madeira, de ordenarlle cousas, de moldeala. Tiven a fortuna de nacer nunha casa rural, preto do monte, polo que todos os días saía da miña casa, entraba no monte e xogaba coas árbores. Dáballes formas, cambiaba o seu tronco e ata cría escoitar melodías mentres o facía. Ese foi o meu pasatempo durante a miña nenez, pois cos anos aprendín a utilizar ese potencial, montei a primeira tenda de carpintería no meu pobo xa que, ademais dun don coa madeira, sempre fun eloxiado polo meu don de xentes.

>>O éxito desa tenda inspiroume a abrir outras en municipios próximos, polo que tan só precisaba empregados para transportar a madeira. Mais cedo chegaron os problemas: as persoas comezaron a sospeitar porque eu non empregaba ferramentas, e comezaron a empregar diferentes termos coma bruxo ou estafador. Polo que cada pouco tempo cambiaba de lugar. Cando cheguei á túa cidade, crin ter unha tapadeira suficientemente realista coma para poder vivir neste lugar de forma definitiva e, para esvaecer calquera sospeita sobre min, inviteite para que me fixeras unha entrevista na que, supostamente, diría todo sobre o meu negocio. Agora xa tes respostas para todas as túas preguntas.

—U-unha cousa—intervín tateando polo abraio—. Como o coñeceu?— sinaliei ao neno coa testa, pois non entendía onde encaixaba na historia.

—Non ten importancia—negou o señor Acosta, mais o meniño dirixiulle unha ollada suplicante para que continuara—. Os seus pais deixárono na porta dunha das miñas carpinterías metido nun pequeno berce transportable cunha nota dándome as grazas por construír aquel berce. Dende aquela vai comigo alá onde eu vaia.

Logo de meditar e asimilar todo o que me contaran, decidín non revelar nada do que inicialmente tiña pensado escribir no periódico e, conscientemente, deixar de lado as miñas esperanzas de ter unha exclusiva ou de conseguir un traballo nun periódico nacional. Polo que, ao decatarme de que non tiña moita información sobre o señor Acosta, inviteille a continuar co seu propósito inicial, o de facerlle unha entrevista coma tapadeira da súa empresa. O señor Acosta aceptou satisfeito pola miña oferta e así seguimos o que quedaba de tarde, finxindo que non pasara nada. Actuamos coma estraños que compartían un segredo, do que ningún pretendía falar. Entre conversas e apuntamentos, chegou a noite escura e con ela a miña despedida:

—Grazas por facerme partícipe da súa historia, pero...volvareino ver?—pregunteille ao señor Acosta, quen me estaba a acompañar cara a saída, cruzando o enreixado de metal.

O señor Acosta, aínda que a escoitou, non contestou directamente á miña pregunta. En todo o camiño non pronuncio nin unha sílaba, mais eu sabía que apreciaba o meu silencio, pois un sorriso invadiu a súa faciana cando me viu marchar.

Cando xa estaba lonxe dabondo e a noite no seu punto máximo de escuridade, ollei cara as xanelas do señor Acosta nas que a luz estaba prendida e logrei dislumbrar dúas sombras. A da esquerda era pequena e os seus ombros atopábanse lixeiramente encollidos e a da dereita era grande, elegante e alta. Eran o rapaz e o señor Acosta. As dúas sombras estaban na fiestra do salón ignorantes de calquera observador, pero nese intre souben, coma se unha premonición fose, que non os volvería ver nunca.

-Alan Brito

